



BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DO NADAL 2025

Artigo 1. Obxeto

O Concello de Barbadás convoca o Concurso de Escaparates e Decoración do Nadal 2025-2026 dirixido aos comerciantes e hosteleiros de Barbadás. O obxectivo é dinamizar o comercio local e impulsar a participación de comerciantes e hosteleiros na creación do ambiente festivo propio destas datas.

A través desta iniciativa, preténdese fomentar a creatividade e o embelecemento do Concello, poñendo en valor o esforzo e compromiso dos establecementos, e facendo de Barbadás un referente de tradición, dinamismo e espírito comunitario durante o Nadal.

Para premiar o esforzo dos participantes, entregarase un recoñecemento ás decoracións e escaparates máis votados, impulsando así a participación do comercio e da hostalaría na vida social e cultural do concello.

Artigo 2. Participación

Poderán participar todos os establecementos comerciais e hosteleiros do Concello de Barbadás.

O concurso realizarase se ao remate da data de finalización das inscricións hai un mínimo de 10 establecementos participantes.

Artigo 3. Valoración

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e ao estilo.

No caso de que os establecementos hosteleiros non dispoñan de escaparate, para que poidan participar terase en conta a decoración interior, exterior e das terrazas.

Para a valoración, estarase aos seguintes criterios:

1) CREATIVIDADE

Valorarase segundo a capacidade de innovar o concepto tradicional do nadal, mostrando isto mediante a decoración, a innovación, o deseño e o emprego de diversos materiais (reutilizables, ecolóxicos...).





2) ORIXINALIDADE

Valorarase a orixinalidade con aspectos que lle aporten á decoración algo especial e diferenciado.

3) APRECIACIÓN DE ELEMENTOS LOCAIS

Valorarase a través de colocación de imaxes e decoración nas que se representan elementos senlleiros de todo o Concello de Barbadás.

Artigo 4. Procedemento de participación

Cubrirase unha solicitude que se poderá obter no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou na páxina web do Concello (www.barbadas.es)

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica desde o día 14 de novembro ata o día 5 de decembro de 2025.

Unha vez presentada a solicitude será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do escaparate ou decoración interior, no seu caso, ao enderezo electrónico cet@barbadas.es ata o día 5 de decembro de 2025 ata as 14:00 h.

Artigo 5. Premios

Entregarase un diploma nas seguintes modalidades:

1º premio escaparate de establecemento comercial

2º premio escaparate de establecemento comercial

1º premio escaparate de establecemento de hostalería

2º premio escaparate de establecemento de hostalería

Artigo 6. Órganos competentes

A Concellería de Comercio será o órgano competente para coñecer e resolver calquera incidencia ou dúbida que poida xurdir da participación no concurso.

A avaliación das solicitudes farase do seguinte xeito:

Os diplomas outorgaranse por votación popular.

Na web do Concello (www.barbadas.es) habilitarase un formulario onde a





Concello de Barbadás

veciñanza poderá votar telemáticamente, entre os días 10 e 17 de decembro de 2025 ás 14:00 h.

Unha vez se coñezan os gañadores do concurso, comunicaráse formalmente e ademais publicaráse na web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 7. Criterios de adxudicación dos diplomas

Os diplomas serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.

Artigo 8. Entrega de premios

O día 22 de decembro entregaránse os diplomas.

Disposicións Adicionais.

1. A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.
2. O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.
3. Será de aplicación o réxime de recursos establecido no Título V da Lei 39/2015.

